

Estimadas familias: Espero que tod@s sigades ben de saúde.

Sei que a estas alturas xa estamos todos un pouco cansos da situación, pero cada día que pasa é un pasiño para a recuperación da saúde e da normalidade. Moito ánimo. Bótovos de menos a cada un de vós, túzaros, faladores, inquedos, traballadores, divertidos, cariñosos... Estadés a ser uns auténticos heroes, pais e nenos, porque a situación non é doada. Moitas grazas pola resposta ao vídeo. Sei que sentides como nós, e iso échenos de ledicia.

Precisamente por iso, polas distintas situacións nas que se atopa cada familia; uns traballando os dous, e case pedindo que os nenos non teñan que facer moito, outros preocupados porque xa non saben que poñerlle..., quero aclarar e intentar axudar na medida das miñas posibilidades. Nas poucas ocasións nas que me vexo obrigada a saír e atopei na rúa con pais teñen esas ou parecidas inquedanzas.

Facede o que poidades, agora en primeiro o máis importante é a lectoescritura **comprensiva**. Que non perdan o que adquiriron e todo o que veña a maiores estupendo. Todo o que pedimos nas anteriores instrucións está plenamente vixente, mellora na rapidez lectora, na comprensión, no trazo. Números do 1 ata o 100. Sumas e restas, problemas sinxelos, ditados...

Pensade que no primeiro trimestre do curso que vén imos repasar todo e eles teñen máis madurez, é como cando un neno ten unha enfermidade e logo recupera. Por ese lado estade tranquilos.

Por outro lado vou subir, lecturas e traballos variados para que teñades idea de que poder facer sempre segundo a vosa dispoñibilidade. Creei un blog, que penso "reciclar" para poder subir cousas axeitadas a primeiro onde tamén poderedes sacar ideas para facer cos nenos. Isto será pouco a pouco, pero consultádelo cando consideredes oportuno. <https://primeiroa20.blogspot.com/>

Poderemos comunicarnos pola **mensaxería Abalar**, pero por si alguén prefire o meu **correo** para calquera dúbida ou comentario é o seguinte: isanovas@edu.xunta.es
Tentarei contestar o máis axiña posible.

As instrucións da consellería non permiten ir ao cole a recoller o material do terceiro trimestre porque non se pode avanzar contidos polo que imos afianzar o que xa tiñamos adquirido e melloralo todo o posible.

Unha aperta enorme e moito ánimo!!!

IDEAS PARA TRABALLAR INDEPENDIENTEMENTE DAS SUXERENCIAS DE TAREFAS QUE ADXUNTAMOS EN MATERIAS:

-Lemos todos os días en galego e en castelán. Ou en días alternos adicándolle máis tempo a cada unha. Sempre insisto, si temos máis dificultade en galego é onde debo incidir, ou ao contrario. Achego lecturas para facilitar a quen ten dificultade en conseguilas, calquera é válida. O importante é ler.

Aproveitamos e que escriban un par de preguntas que vós decidades (sen esquecer o interrogante) e contestámolas empezando por maiúscula e separando palabras. Si aparece **m** antes de **p** ou **b** subliñámola de vermello.

Lemos algún trabalinguas, memorizamos algunha poesía, inventamos outra e logo ilustrámola para levala ao cole e compartila cos demais. Pero ten que ser traballo autónomo, así é como aprendemos. Os papás e mamás están só para axudar ou corraxir.

Escribimos unha listaxe de árbores en castelán e ao lado como se din en galego. Fago o mesmo con nomes de animais domésticos e salvaxes.

Facemos outra listaxe con nomes propios (persoas, animais, cousas, sitios...).

Facemos outra con nomes comúns.

Temos que iniciarnos na letra de imprenta polo que é recomendable textos en distintas grafías.

Aprendemos “ben” os días da semana e os meses do ano. Cantos son? Cal ven antes, cal ven despois? Escribímolos en galego e castelán.

-Lemos e escribimos os números do un ata o cen. En orde crecente e decrecente. De maneira alterna como xa expliquei, de dous en dous, de tres en tres...

-Neste enlace podeades acceder á lectura on line deste libríño de poemas de “Vaia Tropa”
https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/vaia_tropa_anton_cortizas

É un pouco longo e está pensado para nenos de 9 anos. Nós aproveitámolo doutro xeito, ten poemiñas curtos, non temos por que lelo todo, e sobre todo ten “letra” diferente, o cal aproveitamos na medida en que o neno estea maduro e preparado. Si só nos atrevemos con dúas páxinas, estupendo, e si podemos en varias semanas con todo pois aínda mellor.

-Neste outro accedemos ao conto do Lobo Riquiño

https://issuu.com/edicionsxeraisdeg Galicia/docs/feliz_feroz_o_lobo_riquinho_ok

Para a seguinte ocasión mandarei máis. Si queremos, aproveitamos estrofas para copiar ou memorizar.

Outra actividade que podemos facer é un pequeno dicionario coas palabras que topamos e non entendiamos, ao lado escribimos a explicación que nos dan os pais, avós etc. Ou a palabra en castelán que nos permitiu entender.

-Nas fichas van actividades moi sinxelas de Plástica, para facilitar ideas as familias que o demandan aportaremos ideas ou suxerencias, nunca obrigatorio.

-Adxuntamos **fichas de repaso ou de lectura**, pero por favor, que quede moi claro non hai por que facelas todas, nin imprimilas todas. **Algunhas son moi sinxelas e pódense facer perfectamente na libreta ou nun folio. Son suxerencias. E tamén vedes como está o voso fillo. Para algúns será moi difícil e para outros demasiado sinxelo. Imos adaptádonos.**

-O máis importante de todo, xogar ás cartas, ao parchís, bailar, cantar..., estar de bo humor e facerllo máis fácil á familia.

Moitos saudiños e apertas,

Isabel.